



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

EDICTO

Expediente nº 282/2018

Convócase procedemento de selección de 1 E.T. AGRICOLA/FORESTAL, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2017, dacordo coas bases que se reseñan a continuación aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 22 de maio de 2018.

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN GRAO EN ENXEÑARÍA AGRÍCOLA/FORESTAL, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2017.

PRIMEIRA. OBXECTO

1.1 Obxecto: É obxecto das presentes bases a contratación do persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en aplicación da orde do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018.

O Concello de Becerreá comparte coa Xunta de Galicia o interese no desenvolvemento de políticas activas de emprego que fomenten a súa creación. En concreto mediante o **PROGRAMA APROL RURAL** o Concello de Becerreá pretende contratar a dous traballadores (un auxiliar administrativo e un grao en enxeñaría agrícola/forestal) como medida para paliar a actual conxuntura de falla de emprego en concordancia coa Estratexia Europea 2020 que ten como prioridade una economía que empregue máis eficazmente os recursos, que sexa máis verde e máis competitiva. Os recursos que deben ser eficiente e eficazmente empregados, dos que dispón o Concello de Becerreá e que constitúen a nosa principal riqueza, son os vinculados aos recursos naturais, de ahí que se pretenda articular as políticas de fomento do emprego coas de posta en valor do noso territorio, principal e practicamente única fonte de riqueza nun concello sen actividade empresarial salientable e menos aínda industrial.

En concreto, se pretende contratar a persoal para a realización de tarefas vinculadas á xestión da biomasa, en concreto, a elaboración dun inventario de parcelas fundamentalmente privadas ou de carácter patrimonial do Concello se é o caso, que na actualidade están en situación de precisar que se acometan labores de conservación e mantemento da biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios forestais., estendéndose a contratación durante nove meses periodo no que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego.

Os contratos de traballo deberán formalizarse nos prazos e nos termos establecidos na resolución de outorgamento da axuda e dacordo coa orde reguladora da mesma.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. A selección do traballador farase mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso.

1.4. A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá así como na páxina web do Concello de Becerreá (<http://www.concellobecerreá.es>) e na súa sede electrónica <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>

SEGUNDA. Modalidade do contrato e funcións

A modalidade de contrato é a *de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social*, segundo o establecido no artigo 15 da orde do 29 de agosto de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O carácter do contrato é por tanto temporal, a xornada completa.

Servizo: INVENTARIO DE PARCELAS A INCLUIR NA XESTIÓN DA BIOMASA

Duración contratación: 9 meses.



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Nº postos e Ocupación á que se refiren as presentes bases: **1 GRAO EN ENXEÑARÍA AGRÍCOLA/FORESTAL**

As funcións a desenvolver en relación as obras ou servizos relacionados coa utilidade colectiva, **sempre no marco do fomento do emprego**, serán as propias de grao en enxeñaría agrícola/forestal no servizo de referencia.

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes.

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española. Non entanto, teranse en conta os seguintes casos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Cumprir os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto legalmente.

ocupación grao en enxeñaría agrícola/forestal:

Requisitos específicos:

-Estar en posesión de titulación **de** GRAO EN ENXEÑARÍA AGRÍCOLA/FORESTAL, o estar en condicións de obtenerlo en la fecha de publicación de la convocatoria.

-Estar en posesión do permiso de conducir tipo B

f) Figurar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día sinalado pola oficina de emprego.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2017, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. Non se requerirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá, a súa web e na súa sede_electrónica.

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no Concello **no día sinalado pola Oficina de Emprego para a súa presentación**, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, relacionándose no **anexo I**), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade.

QUINTA. Admisión de aspirantes.

Despois da presentación de tódolos candidatos incluídos na lista remitida pola Oficina pública de emprego, a alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo de 1 día, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá e na sede electrónica, indícarase un prazo de un (1) día hábil para a emenda; este prazo de



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e sede_electrónica <http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>

Unha vez transcurrido o prazo de emenda, a alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de 1 día hábil, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica na que se sinalará a data e hora na que se constituirá o tribunal.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

SEXTA. Tribunal cualificador ou Comisión de Valoración.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, empregados públicos, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

Todos os membros deberán contar con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto convocado.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios e sede_electrónica_ <http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos seus suplentes.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e os parámetros da sondaxe serán;

- a) Ámbito xeográfico: Concello de Becerreá. Só no caso de non atoparse candidatos ampliarase a concellos limítrofes.
- b) Número de candidatos a remitir pola oficina de emprego. Máximo 5 e mínimo 2.

Tendo en conta as especiais características deste proceso de selección para traballadores en situación de desemprego, as características do posto e a súa temporalidade, estímase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, de xeito que a selección dos candidatos será por orde decrecente atendendo a puntuación obtida. Respecto aos méritos computables, serán acordes ao establecido no artigo 14 da orde do 31 de decembro pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, "Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras".

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS

Polo Tribunal examínase toda a documentación entregada polos aspirantes. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas.

1. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral, segundo se describe no artigo 12 da Orde do 31 de decembro da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta preferencia será valorada con un (1) punto por colectivo ata un máximo de tres (3) puntos. Os colectivos a valorar son:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

2. Térase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de 0,50 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos, previa acreditación documental: Libro de Familia, Certificado de convivencia, certificado de pensións, certificados da oficina de emprego, etc).

3. Tempo en situación de desemprego: Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 3,00 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

4. Formación:

4.1 Por asistencia a cursos relacionados cos cometidos do posto de traballo obxecto da presente convocatoria impartidos ou debidamente homologados por unha administración pública:

Cursos de 20 a 50 horas: 0,50 puntos.

Cursos de 51 a 100 horas: 1,00 puntos.

Cursos de máis de 100 horas: 1,50 puntos.

Curso de autocad de 200 horas ou máis: 3 puntos.

A puntuación máxima para este apartado será de 6 puntos.

Non se computará a asistencia a cursos de menos de 20 horas, nin a asistencia a xornadas, seminarios, congresos, etc...

Acreditarase este apartado mediante a presentación dos correspondentes títulos nos que se detalle o obxecto do curso e o número de horas que comprendeu.

4.2 Polo coñecemento do idioma galego, computándose únicamente o de grao superior alegado sempre que se trate cursos ou titulacións oficiais ou que foran obxecto de homologación:



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Celga 1: 0,25 puntos.

Celga 2: 0,50 puntos.

Celga 3/iniciación: 0,75 puntos.

Celga 4/perfeccionamento: 1 puntos.

A puntuación máxima neste apartado e 1

5.- Entrevista curricular;

A puntuación máxima deste apartado será de dous puntos. A entrevista versará sobre os méritos específicos axeitados ás características do posto de traballo ofertado podendo estender tamén á comprobación dos méritos alegados.

O resultado final do proceso será a suma dos puntos acadados por tódolos apartados anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte: Terán preferencia aqueles candidatos que acadaran mellor puntuación no apartado de formación, os que con este contrato poden acceder a calquera prestación da seguridade social, as mulleres e os menores de 30 anos por esta orde.

En todo caso, a orde de convocatoria obriga a que as entidades locais beneficiarias realicen as contratacións con persoas que non foran contratadas por período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e formalización dos contratos.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de destes, coa puntuación acadada, por orde de decrecente, no taboleiro de edictos do concello e na sede electrónica; os aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo darase traslado ao Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas. Non obstante formarase unha bolsa de contratación para cubrir as posibles baixas que se produzan durante o período de duración deste programa de fomento do emprego cos aspirantes que non foron propostos para a súa contratación pola orde de puntuación.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Becerreá

O Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.

ANEXO I.

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE GRAO EN ENXEÑARÍA AGRÍCOLA/FORESTAL, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2017.

D/^a.....provisto/a de D.N.I.
nº..... conendereço na
R/.....nº.....piso.....

C.Postal.....Localidade.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Becerreá para a contratación laboral temporal epigrafiada, DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Becerreá para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- Permiso de condución en vigor tipo B.
- Certificación expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.
- Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- As persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero: A efectos destas bases, entendese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:
 1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/ou secretaria/ou xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 2. Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
 3. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.
 4. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
 5. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
- Outros.

....., de.....de 20....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BECERREÁ

SEGUNDO.- Formular solicitude de oferta ao Servizo Galego de Colocación oficiña de Becerreá continuándose co procedemento coa publicación das bases na paxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá e na sede.

Ordenao e asínoa electrónicamente o Sr. Alcalde.”

O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE